

A NOVELISTA E O SEU FILME

Hong Sang-soo, 2022

1048

ESTREA EN NUMAX: 28.12.2022 | V.O.S.G. | +7

A famosa novelista Junhee reúne-se con dúas amigas e a velada parece estar cargada de certa amargura. Unha delas deixou a escritura para abrir unha librería e aínda non lle dixo a Junhee que opina do seu último libro. A segunda é cineasta e nunca adaptou o libro de Junhee, algo que planeara. Aínda que o máis desconcertante é que Junhee leva un tempo sen publicar nada. En lugar diso, empezou a cuestionar o seu enfoque literario e ten dúbidas sobre a sensibilidade que forxou o seu estilo e a súa personalidade.

«Hong sublima a beleza dos
pequenos detalles»

Jake Cole, SLANT MAGAZINE



Kim Minhee: «Cando estou diante da cámara xa non son eu mesma, teño unha sensación de liberación»

*Encontro con Hong Sangsoo e Kim Minhee
Festival de Berlín, febreiro de 2022*

Hong Sangsoo

Primeiro decidín que traballaría con Kim Minhee e que ela sería a protagonista da película; logo decidín incorporar a Le Hyeyoung, con quen traballara na miña película anterior (*Diante de ti*, 2021). Dispoñía destas dúas mulleres e, nos primeiros días de preparación da película, tiven a idea dunha novelista que quere facer o seu propio filme. Xusto despois, imaxinei que tipo de película faría pensando no filme que se supón que ela dirixirá. Foi entón cando lembrei unha peza que rodara tempo atrás, quizais dous anos antes. Ás veces levo a miña pequena cámara alí onde vou: gravo e monto algo pola noite, con música. Teño algunhas pezas así. Pensei nesa peza, que se rodou nunha contorna natural, sen guión, sen ningunha idea premeditada que expresar. Crin que podía comparar esas imaxes cos actores da película e o guión que lles dei. Aínda que procuramos, e eu tentei, que actuasen o máis naturalmente posible, sentía curiosidade por ver as diferenzas entre aquela peza que rodara e a película que ía rodar a partir dun guión. Non sabía se habería algunha diferenza que puidésemos percibir. Pero era unha das ideas que tiña en mente na preparación deste filme.

Kim Minhee

Cando estás diante dunha cámara, estás tensa e nerviosa. A miña tarefa é enfrontarme a iso, aos nervios e a tensión, e non é nada fácil, é complicado. Hai momentos en que te sobrepós rapidamente, pero outros nos que tes problemas e tes a sensación de que todo se vai ir ao garete.

No que se refire á miña personalidade, normalmente síntome tensa no meu día a día, pero cando estou diante da cámara, cando actúo, xa non son eu mesma, teño unha sensación de liberación. Non é sempre así, claro, depende da situación. Pero cando actúo síntome liberada, porque non me enfronto aos demais sendo eu mesma. Diante da cámara actúo de maneira natural.

Hong Sangsoo

Creo que uso o control e o accidente, ambas as cousas, cando fago unha película. Sobre o elenco diría que, cando rodo, é o máis importante. Cando elixo a alguén, aínda que sexa un actor ou actriz coa que xa traballei antes, o día que quedamos para falar de traballar xuntos teño unha primeira impresión. E esa impresión detona algo dentro de min. Durante esa primeira reunión co actor ou a actriz, é cando dou coa idea coa que quero experimentar na película. Como xa dixen antes, neste caso é unha novelista que quere dirixir a súa propia película. Vin a Le Hyeyoung e decidín que así sería. Non podo explicalo; pero o que si podo dicir é que o máis importante é ver a esa persoa, recibir unha impresión e que iso detone algo que reavive a miña imaxinación, déame unha idea. E logo levala a cabo, por suposto.